

CLUB DE LECTURA DE 5º


A primeira das lecturas propostas para este curso foi **“Palabras de Caramelo”** escrito por Gonzalo Moure.

Este escritor naceu en Valencia no ano 1951, aínda que agora vive en Asturias. Estudou Ciencias Políticas na Universidade Complutense de Madrid. Traballou de periodista, na prensa especializada en música popular, e tamén como guionista.

Desde hai uns anos dedícase á literatura infantil para que os nenos comecen a disfrutar da lectura desde pequenos.

Gonzalo Moure preocúpase polos problemas sociais e viaxa unha vez ao ano aos campamentos de refuxiados do Sáhara onde transcurre a historia deste libro.

O libro trata dun rapaz xordomudo chamado Kori ó que lle gustan moito os camelos. Un día unha camela tivo cameliños, o neno encariñouse con un e chamouno Caramelo. Kori leváballe unha presada de herba todos os días a Caramelo e como os camelos rumian e Kori sabía a linguaxe dos beizos falaban entre eles.



No club tamén falamos de Aminatu Haidar que é unha activista que loita pola independización dos saharauis. Esta muller naceu en Akka Centre (Marrocos) o 24 de xullo de 1966 e estivo 32 días en folga de fame. Debido a súa ideoloxía foi perseguida polos poderes públicos marroquís. Con 21 anos formou parte dunha manifestación pacífica para intentar conseguir a independencia do Sáhara. Tras esto foi presa durante 4 anos pero sigue loitando para conseguila.

OS PERSONAXES

Kori , que é o personaxe principal, ten oito anos e é xordomudo.

Caramelo, un pequeno camelo co que Kori cre falar a través dos movementos dos beizos.

A nai de Kori, foi a que empezou a ensinar a Kori a entender a linguaxe dos beizos.

O tío de Kori, é o dono de Caramelo e o que lle dixo a Kori que o había de sacrificar.

Fatimetu, a profesora, aprendeu a Kori a comunicarse a través do sistema Braille.

INFORMÁMONOS: O Sistema Braille

O braille é un sistema de lectura e escritura táctil pensado para persoas cegas e xordas. Foi ideado por Louis Braille, que se quedou cego debido a un accidente cando era pequeno mentres xogaba no taller do seu pai. Cando tiña 13 anos, o director da escola de cegos e xordos de París aconselloulle que probara un sistema de lecto-escritura táctil inventado por un militar chamado Charles Barbier para transmitir ordes a postos de avanzada sen ter necesidade de delatar a posición durante as noites.

O sistema Braille non é un idioma, senón un alfabeto.

O libro gustounos moito e a súa lectura permitiu que nos adentráramos en temas interesantes que compartimos en este CLUB DE LECTURA.

Por iso, @s nen@s da clase de 5º recomendámoslle este libro a grandes e pequenos.